# Que é Agueiro?

https://www.edu.xunta.es/agueiro/

http://es.wikipedia.org/wiki/Portfolio_digital

## Guía metodolóxica




*Comunidade = Centro educativo*

http://www.realacademiagalega.org/dicionario

**comunidade**

substantivo feminino

**1** Grupo social ou político constituído por membros que posúen uns intereses comúns.

*Traballar para o ben da comunidade.*

*Vivir en comunidade.*

► SINÓNIMO **colectividade**

*Comunidade de veciños.*

*Comunidade europea.*




Os grupos asocian membros que non teñen porque pertencer á mesma **comunidade** (CENTRO EDUCATIVO)

# Os profes xa estamos en Agueiro?

Os profesores deberán entrar por primeira vez en Agueiro autenticándose coas súas credenciais corporativas (usuario e contrasinal do seu correo electrónico). Neste primeiro acceso a Agueiro os profesores non forman parte de ningunha comunidade polo que será necesario que un administrador da propia comunidade lles envíe unha invitación, desde a seguinte pantalla:

**Primeiro paso:**
Solicitude do centro para a creación da súa comunidade.

**Seguinte paso:**
O administrador da comunidade (noso centro) ten que invitarnos a pertencer a súa comunidade.

Menú = "Administrar - Comunidades - Membros"




**Moi importante**: Os usuarios só poden pertencer a unha **comunidade**, co cal se aceptamos invitación a participar nunha nova comunidade automáticamente nos elimina da anterior.

XUNTA DE GALICIA

amtega Axencia para a Modernización Tecnolóxica

# Os nosos primeiros movementos por Agueiro

agueiro
comunidades educativas virtuais

**Primeiros pasos:**

- Establecer axustes da miña conta




- Configuración do meu perfil




- Páxina do taboeiro
- Páxina do perfil




- Facer amigos




Pero...non todos somos iguais na **comunidade**:



**Roles de usuario**

XUNTA DE GALICIA
amtega Axencia para a Modernización Tecnolóxica

# Desenvolvendo as nosas funcións na COMUNIDADE (I)



**Administrad@r**

- Xestiona usuarios




- Xestiona grupos




- Xestiona determinados parámetros da comunidade.




**Alta de usuarios na comunidade**: Só o pode facer o administrador pero...

1. Pode existir máis dun administrador da comunidade.
2. Podemos cargar usuarios e tamén grupos a través dun arquivo **CSV**

agueiro
comunidades educativas virtuais

# Desenvolvendo as nosas funcións na COMUNIDADE (II)

**Profesores "perfil *xestor*"**

- Só teñen permisos de xestión sobre grupos, non sobre usuarios.

- Poden acceder a informes de estadística da comunidade.







**Alumnos "perfil de Membro"**

- Non teñen ningún tipo de permiso de xestión na comunidade.

**Alta de usuarios na comunidade**: Só o pode facer o administrador pero...

1. Pode existir máis dun administrador da comunidade.
2. Podemos cargar usuarios e tamén grupos a través dun arquivo **CSV**

XUNTA DE GALICIA
amtega
Axencia para a Modernización Tecnolóxica

agueiro
comunidades educativas virtuais

# Resumo das responsabilidades de cada “rol” para COMUNIDADE

| **ROLES DE USUARIO**<br>Responsabilidades de cada "rol" dentro da súa comunidade | Administrador | Xestor | Titor | Membro |
|---|---|---|---|---|
| Configuración xeral da comunidade | ✔ | | | |
| Creación de contidos xerais da comunidade | ✔ | | | |
| Alta e xestión de usuarios | ✔ | | | |
| Asignación e xestión de roles | ✔ | | | |
| Xestión de usuarios suspendidos | ✔ | | | |
| Xestión de usuarios caducados | ✔ | | | |
| Acceso ás estatísticas da comunidade | ✔ | ✔ | | |
| Creación e xestión de grupos | ✔ | ✔ | | |
| Moderación de grupos | ✔ | ✔ | ✔ | |

**O “Titor”**: É un profesor membro do grupo que exerce as funcións de moderador.

# Cómo empregar Agueiro?

O meu traballo pode estar composto por: Textos, presentacións, vídeos, etc..; cada un destos elementos chámase **artefacto**.




O conxunto de todos os *artefactos* almacenados de xeito que ninguén máis que o propietario pode acceder a eles chámanse **contidos.**

Coa finalidade de que outros usuarios (compañeiros, profes, …) poidan acceder a visualizar e valorar o meu traballo é preciso crear **páxinas** nas que colocar os artefactos, ao conxunto de **páxinas** que desenvolves denomínanse **Portafolio.**

# Practicando con Agueiro: Elaborando 1 plan

Nun primeiro momento o administrador da de alta os usuarios, logo o propio profesor crea o grupo e por último “compartelles un plan de traballo”

## Tarefas do plan 'Perder o medo a Agueiro'.

**Etiquetas:** agueiro, medo

| Data de terminación | Título | Descrición |
|---|---|---|
| 21 April 2015 | Comprobar acceso | Comprobar que accedemos coas credenciais correctamente. |
| 22 April 2015 | Cal é a nosa comunidade? | Comprobar que pertencemos a comunidade que nos corresponde. |
| 24 April 2015 | Configuración do perfil | Configurar axeitadamente o perfil |
| 27 April 2015 | Facer un par de amigos | Engade un par de amigos. |
| 04 May 2015 | Crear páxina | Crear unha páxina con diverso tipo de contido e compartila cun par de amigos. |

5 tarefas

# Traballando con Agueiro: Elaborando 1 plan

## Tarefas do plan 'O quentamento global'.

Etiquetas: quentamento

| Data de terminación | Título | Descrición |
|---|---|---|
| 27 April 2015 | Vendo o que está a ocurrir. | Engade un par de documentos audio visuais (fotos ou vídeos), no cal se amose as consecuencias do fenómeno do quentamento global. |
| 30 April 2015 | Conta o que entendes tí por "Quentamento global" | Explica coas túas palabras o que entendes, por quentamento global. |
| 06 May 2015 | Busqueda de información | Indica un par de ligazóns da web na cal se defina o concepto "Quentamento global" |
| 22 May 2015 | É unha realidade | Busca novas de prensa, fotos, etc.. na que se vexa que se trata de algo real e actual. |
| 30 May 2015 | Qué podemos facer?? | Serías capaz de deseñar un plan de traballo, para o presente curso que englobe 3 ou 4 tarefas recomendadas para paliar o efecto do "quentamento global" na contorna do teu concello |

O profesor comparte o plan cos alumnos (membros do grupo) e os alumnos comparten a páxina co plan realizado co profesor